



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Con data 30 de decembro de 2021 publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)* número 250, a orde da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases e a convocatoria das axudas para a promoción e consolidación do emprego autónomo (inicio da actividade) para o ano 2022.

PERSONAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Aquelas persoas que:

- ✓ **Causen alta** no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional **entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022**, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares de negocio ou explotación
- ✓ Estean **inscritos como demandantes de emprego** nos servizos públicos de Emprego
- ✓ Teñan o domicilio fiscal e desenvolvan fundamentalmente a súa actividade en Galicia
- ✓ Non ter desenvolto actividade como persoas traballadoras autónomas a mesma actividade ou similar, nos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio da nova actividade, nin estiveran de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. A estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará cando a actividade desenvolva fóra realizada por persoas autónomas colaboradoras

CONTÍA DA AXUDA

- ✓ 2.000 € para persoas desempregadas en xeral
- ✓ 4.000 € para outros colectivos (segundo bases reguladoras)

Contía máxima posible: 10.000 € (coa suma dos incrementos establecidos nas bases reguladoras)

PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 31-12-2021 ao 30-09-2022

Esta subvención é en **réxime de concorrencia non competitiva**, é dicir, por **ORDE DE REGISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

Baralla, 7 de xaneiro de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 6EGK25SSZ4M1T9DCNDYWXE9Q | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1